CGAC

Centro Galego de Arte Contemporánea
Rúa Valle Inclán, 2. Santiago de Compostela

MÉRCORES
25.09

17.00 h
Presentación Xornadas Apertura EASD Mestre Mateo
Santiago Riande
Director EASD Mestre Mateo

17.10 h / 18.15 h
David Barro
Conferencia: "Miradas cruzadas entre deseño e arte contemporánea"

David Barro (Ferrol, 1974) é director da Fundación DIDAC e comisario de exposicións de arte e deseño. Editor de *DARDOmagazine*. Foi director xerente da Fundación Luis Seoane (2014-2016) e asesor da Fundación Barrié e responsable de adquisicións e colección (2008-2013). Tamén exerceu como crítico de *El Cultural* (1998-2014). Actualmente é profesor do Máster en Estudios Avanzados da Universidad de Salamanca e do Máster en Gestión Cultural da Universidad Carlos III de Madrid. É asesor do Programa de Deseño para a Innovación 2020 da Xunta de Galicia e autor do libro *Drift. Miradas cruzadas entre diseño y arte contemporáneo*.

18.15 h / 19.00 h
Isaac Piñeiro
Conferencia: "*Design Works*. Cando o deseño funciona"

19.00 h / 20.00 h
Presentación da publicación *Mª Elena Montero – Luis Seoane. Tecendo a Historia* e mesa redonda "Luis Seoane. O derradeiro proxecto" con **Carmela Montero** (conservadora da Fundación Luis Seoane), **José Luis Vázquez** (Fundación Sargadelos) e **Mª Elena Montero** (Artesá e coautora dos tapices con Luis Seoane)

XOVES
26.09

17.00 h / 18.00 h
Conversa sobre fotografía con
Santiago Olmo
Presentan **David Barro** (Fundación DIDAC) e **Mónica Maneiro** (DARDO).

Santiago Olmo é fotógrafo, crítico de arte, profesor universitario e comisario de exposicións especializado en fotografía e arte contemporánea centroamericana e africana. Desde abril de 2015 é director do CGAC – Centro Galego de Arte Contemporánea. Foi comisario da Bienal de Pontevedra no 2010 e da representación española na International Graphic Art Biennale of Ljubljana (Eslovenia) en 1993, na XXIV Bienal de São Paulo no ano 1996 e da Triennale de Milán no ano 2001. Traballou no Fondo Fotográfico da Universidad de Navarra co fotógrafo Valentín Vallhonrat.

18.00 h / 19.00 h
Christian García Bello
Conferencia: "Camiñar cara o horizonte: unha percepción antropométrica do territorio desde a escultura".

Christian García Bello é artista, licenciado en Belas Artes e máster en Arte Contemporánea pola Universidade de Vigo. O seu traballo céntrase en investigar a idea de individuo, a súa escala e a paisaxe que transforma, percibe e habita. Realizou exposicións individuais en galerías como Formato Cómodo ou centros de arte como o CGAC e participou en proxectos expositivos en institucións e salas como CaixaForum, Museo Patio Herreriano, Es Baluard, Museo Lázaro Galdiano, MARCO, Centro Torrente Ballester ou Maus Hábitos. A súa obra atópase en coleccións como a Colección DKV, OTR ou a Colección CGAC.



19.00 h / 20.00 h
Conversa **Nuria Carballo**
Presentan **David Barro** (Fundación DIDAC) e **Mónica Maneiro** (DARDO).

Nuria Carballo é deseñadora e directora creativa cun perfil de experiencia internacional en varios sectores como creadora de novas ideas, conceptos e marcas audaces. Destacan os seus traballos para grandes e pequenas empresas como Timberland, Chanel, Havaianas, Evian ou Heineken. Nuria Carballo está especializada no pensamento creativo, a estratexia de marca, a xestión de marca, análise de tendencias e o desenvolvemento de conceptos. Foi profesora de ESDEMGA e durante sete anos desenvolveu o plan de reindustrialización para o sector téxtil en Galicia e hoxe continúa vinculada ao mundo da moda e complementos traballando con firmas como Amanda Wakeley dende o seu estudio Unconventional London.



EASD MESTRE MATEO

MÉRCORES
XOVES **25/26.09**

10.00 h / 14.00 h

“Construír imaxes do proxecto”
Taller co deseñador Isaac Piñeiro

O obxectivo principal deste taller é entender como debemos presentar un produto empregando os diferentes recursos á hora de idear a comunicación dun proxecto.

No taller preténdese poñer á disposición do alumno os métodos para comunicar os seus proxectos e a creación de soportes a través dos que realizar a comunicación; desde a elaboración dun portfolio para que o alumno poida mostrar da mellor forma posible o seu traballo, ata a comunicación dun obxecto, obra, produto ou espazo para un suposto cliente.

Despois de graduarse na EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela, Isaac Piñeiro trasladouse a Valencia onde estudou deseño de produto, para continuar a súa formación na Scuola Politécnica di Milano, onde tivo a oportunidade de aprender de profesionais como Odoardo Foiravanti, Huub Ubbens ou Matali Crasset. Isaac Piñeiro ten deseñado para firmas como Sancal, Pott, Ferrero Italia, Mobenia ou Omelette Editions.

Para inscribirse ao taller de Isaac Piñeiro é preciso facelo na secretaría da EASD Mestre Mateo.
12 prazas por rigurosa orde de inscrición.

As Xornadas Apertura EASD Mestre Mateo son organizadas pola EASD Mestre Mateo e a Fundación DIDAC, coa colaboración do CGAC – Centro Galego de Arte Contemporánea e a coordinación de David Barro e Mónica Maneiro.

Organizan

easd mestre mateo

DIDAC

Colaboran

CGAC

Deputación DA CORUÑA

Apertura

Xornadas de Apertura do curso 2019 EASD Mestre Mateo

MÉRCORES / XOVES
25/26.09